

Venres, 27 de marzo de 2020

Núm. 60

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****LAMA, A****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA SUSTENTABLE*

Por Resolución de Alcaldía de data 20.0.20, aprobouse definitivamente o Plan de Mobilidade Urbana Sustentable deste Municipio, o que se publica aos efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- **Expediente núm.:** 380/2017
- **Resolución de Alcaldía**
- **Procedemento:** Aprobación de Plan de Mobilidade Urbana Sustentable do Concello de A Lama

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que, unha vez aprobado inicialmente o Plan de Mobilidade Urbana Sustentable por Resolución de Alcaldía de data 12.02.20, foi sometido a información pública, durante o prazo de 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra 34, de data 19.02.20, e na sede electrónica deste Concello [dirección [https://concellodalama.sedelectronica.es](https://concellodalama.sedeelectronica.es)].

Visto que durante o período de información pública, non foi presentada ningunha alegación, e tampouco foi presentada ningunha alegación fóra de prazo.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro. Aprobar definitivamente o Plan de Mobilidade Urbana Sustentable.

Segundo. Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra a Resolución de aprobación definitiva do Plan de Mobilidade Urbana Sustentable, así como na sede electrónica do Concello [dirección <https://concellodalama.sedelectronica.es>]."

O concello publicará na súa sede electrónica [dirección <https://concellodalama.sedelectronica.es>], o contido íntegro do Plan.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124



Venres, 27 de marzo de 2020

Núm. 60

da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

A Lama, na data que figura á marxe.

O alcalde,

Jorge Canda Martínez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:1MUUZEWZXPMM3VVE

